

1. Le os seguintes poemas. Logo, indica se as oracións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

Canta o cuco

Canta o cuco, cala e canta,
nos castiñeiros do val.

Pasa o tempo e non dí nada,
e volta o cuco a cucar.

Uxío NOVONEYRA: Os eidos,
Editorial Galaxia

Ao Sil

Ao río ao ras
cheo de auga e destino ao paso
flúe ~~fumen~~.
para onde foi xa o sol tragado
todo ouro volto prata
gris raspado
en mil sarillos
e aneis cruzados
sumándose ao caudal da noite
tamén alto.

Uxío NOVONEYRA: Poemas da
dada certeza i este brillo
premido entre as pálpebras,
Editorial Espiral Maior

O pasado é pasado

Se o pasado é pasado
e o presente é o urxente,
por que inda busca a xente
aquel soño clausurado?

Vido visto ben Santiago
e esa cuestión non resolta,
fago camiño de volta,
camiño de volta fago.

Camiño de volta fago,
volvo do cabo do Mundo.
Terra só en ti me fundo
é a certeza que trago.

Uxío NOVONEYRA: Arrodeas
e desvios do camiño de
Santiago e outras rutas,
Xunta de Galicia

- O poema *O pasado é pasado* ten estrofas de catros versos.
- Só no poema *Canta o cuco* hai rima asonante.
- No poema *Ao Sil* hai un verso con dúas sinalefas.
- Ningún dos poemas ten versos de arte maior.
- Todos os poemas teñen varias estrofas.

2. Escolle un dos poemas da actividade anterior e describe as sensacións que che transmite.

.....

.....

.....

.....

3. Conta as sílabas de cada verso deste poema de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Quen é esa que sobe a encosta de Cortiña Grande	→
pasado Castromau	→
cuberta co pano rameado e sobre o pano a mulida	→
e sobre a mulida a canastra	→
cumprida canastra e ateigada con bólas de pantrigo	→
arroupados en liño cru?	→
Quen aquela que corta pola Chaira de Amoroca	→
na man a corna do alicorno co seu dente de allo	→
e temerosa	→
non coa lúa aos pés senón espidos estes	→
duros de se esfregar nas laxes de calzadas mil?	→

4. Completa este poema con dúas estrofas nas que os versos teñan rima asonante.

Ás agachadas polo chan da biblioteca

.....

.....

.....

.....

.....